

SITUACIÓN DE APRENDIZAXE



Fotografía: NASA Worldview

Lumes, nunca máis!



SITUACIÓN OU CONTEXTO



Rebelión do Inframundo - Plantaron lume ao monte

A súa familia era orixinaria de Tuxe e de Viana, no Bolo, en Ourense. Sempre estaba atenta ás informacións que rara vez saían publicadas nos medios de comunicación. Ultimamente non visitara esas terras pero no fondo sentía que eran “súas”. Sentía un vínculo invisíbel, transmitido polos relatos da familia e polas fotos en branco e negro que gardaban un aire de fogar antigo.

No verán de 2025, cando as novas comezaron a falar dos lumes que avanzaban imparábeis por Ourense, a súa atención fixouse de golpe. Sabía que as súas orixes, agochadas entre montes e vales, podían estar no camiño das lapas. O que máis lle doía era escoitar día tras día como avanzaba a porcentaxe de terreo queimado, como se unha parte de si mesma desaparecese xunto con todo o patrimonio natural.

Despois de varios días tentando falar cunha curmá afastada que aínda vivía en

Louzaregos, na comarca de Viana, finalmente conseguíuno. Pola liña chegoulle unha voz entrecortada, con mestura de medo e rabia: “Non é só o lume, é o abandono. Levamos anos pedindo desbroces, cortalumes, alternativas ao eucalipto... e ninguén fixo nada”.

A queixa quedou resoando como unha verdade dura: o incendio non era só natural, era tamén social.

Coa axuda das súas amizades conseguiu os documentos aprobados no Parlamento de Galicia no ano 2019, por unanimidade de todos os grupos políticos. A carraxe medráballe a medida que lía aquelas páxinas cheas de medidas que a Xunta nunca levara á práctica. A carraxe tornou en ira despois de falar coa tía Adela, que marchara a Euskadi de nena, como tantas outras galegas a comezos da década dos 70 do século pasado,

e só regresaba para as festas, se ben nos últimos anos xa non viña porque non quedaban amigas na súa parroquia. Adela explicoulle que [no País Vasco si que había unha xestión todo o ano e que conseguiran reducir os lumes](#) de xeito considerábel: 69 incendios en Euskadi no que ía de 2025 fronte aos 908 do país.

A súa indignación chegou ao límite ao comprobar as [diferenzas entre os datos oficiais que ofrecía a Xunta e os que publicaba o programa europeo Copernicus](#), baseados en imaxes de satélite. Mentres os primeiros falaban de extensións máis reducidas, as cifras independentes eran practicamente o dobre. Esa discrepancia revelaba, por un lado, un oficialismo empeñado en minimizar a gravidade da traxedia e, polo outro, un control dos medios de comunicación que acomodaban a información para non incomodar o poder. Para ela, a verdade ardía na terra, non nos comunicados institucionais.

Alimentou conscientemente a súa indignación ao lembrar as viaxes que facía cada verán, nas últimas décadas do século pasado, cando cantaba nunha pequena orquestra nas festas das parroquias ourensás. Ano tras ano vía como as aldeas ían quedando baleiras, cos veciños máis novos marchando ao “eixo atlántico” ou mesmo fóra do país. Sabía que [desde 1970 a provincia perdera máis de 50.000 habitantes](#) (máis do 15%), fundamentalmente no rural. Un descenso

terrible que deixara aldeas enteiras con casas pechadas e soutos abandonados, sen xente que os traballase. Esa desertización humana explicaba tamén por que agora o lume atopaba tan pouco freo. Na última actuación, un produtor de espectáculos contáralle que en Castrelo de Miño, no Ribeiro, tiñan por costume organizar as festas de xeito rotatorio, correspondendo a comisión de festas cada ano a un dos quinze núcleos de poboación. Hai anos chegaran a levar a Manolo Escobar e á Panorama. Ese ano non terían festa porque na parroquia que tocaba só vivía unha persoa e non estaba en condicións nin físicas nin mentais de organizar nada.

Ela lembraba que xa daquela a veciñanza de Tuxe non pedía máis medios para a extinción dos lumes, quería atención ao rural para poder ter un futuro nas súas terras, para parar a extinción demográfica que desde os anos 70 do século pasado provocara a perda de máis dun terzo da poboación. Tamén lembrou o laído da súa avoa: “a maior traxedia para unha aldea é que lle pechen a escola”. Preguntouse [cantas escolas pecharían no interior de Ourense nos últimos anos](#).

Para calmar a ansiedade nacida das lembranzas, decidiu ir en coche ata aló. Quilómetros antes, o cheiro a fume e as partículas de cinsa batéronlle nos nefres. As ladeiras de toda a bisbarra de Viana semellaban feridas abertas: fume desprendido da terra quente, trancos retortos, aire mesto, ceo gris e laranxa. As pegadas do inferno.

Aquela imaxe da [Galiza queimada](#) fíxolle comprender que a terra segue a ser da xente que a coida. E que a memoria familiar non está só nos apelidos, senón tamén no compromiso co lugar. Os lumes non borran as identidades, nin individual nin colectiva; senón que obrigan a repensar como vivilas

e defendelas. [Alimentar o fantasma do terrorismo incendiario ou centrar o debate en apagar os lumes é tentar apagar a intelixencia do pobo que habita o territorio.](#)



RETO

Unha vez lida e comprendida a SITUACIÓN ou CONTEXTO e unha vez realizadas as tarefas das distintas disciplinas, deberás resolver o RETO, que consistirá na creación dun manifesto, o cal conterá: contexto, denuncias, reclamacións e propostas. A información para cada un dos apartados recollerá a das tarefas previas.

O manifesto deberá ser preparado en grupos de 4-6 estudantes. Cada grupo terá encomendada unha parte do manifesto e escollerá unha voceira/o e un redactor/a do documento final. As voceiras/os prepararán e manterán un evento reivindicativo a celebrar durante un recreo no patio do centro. Durante o acto reproducirase a música utilizada nas tarefas desta situación de aprendizaxe e darase lectura ao manifesto.

TAREFA INICIAL

(LGL)

Despois de escoitar e visualizar o videoclip [Plantaron lume ao monte](#), do grupo [Rebelión do Inframundo](#), despois de ler comprensivamente o hipertexto dedicado a presentar a Situación ou Contexto e despois de observar a viñeta de [Luis Davila](#), seguramente terás unha visión máis ampla arredor dos incendios que asolaron Galiza ao longo do mes de agosto. Nesta tarefa pídeseche que achegues a túa opinión arredor desta catástrofe participando nun FALADOIRO.



Indicacións para participar no FALADOIRO:

- Respecta as quendas de intervención e participa cun ton, un volume e unha actitude que fomenten o diálogo e non a discusión ou a pelexa. Evidencia os teus recursos non verbais para complementar a mensaxe oral que queres compartir.
- Evita ou corrixe erros gramaticais e desvíos normativos. Evidencia a pronuncia de todos os fonemas galegos, especialmente dos sons máis característicos da túa variedade xeográfica.
- Intervén adecuadamente, servíndote dun léxico rico e preciso, mostrando o teu manexo dos rexistros.
- Mostra a túa opinión sosténdoa en argumentos veraces, en documentación e/ou información fiable. Evidencia a comprensión previa das fontes consultadas.
- Mantén sempre unha actitude de escoita activa para poder interactuar coas compañeiras e compañeiros, respectando as súas opinións.

Reflexións previas de cara ao FALADOIRO:

- Quen lle planta lume ao monte? Por que arden os montes?
- Que montes arden? Por que os incendios se repiten ciclicamente nos mesmos territorios?
- Que demandan os habitantes deses territorios?
- Por que hai territorios no estado español que case nunca arden?
- Quen son os responsables da política forestal galega?
- Cales son as causas e as motivacións dos incendios?
- Cales son as consecuencias deses incendios?
- Como se podería reverter a situación?
- Que se agocha detrás do lema [Só o pobo salva o pobo](#)?

Esta tarefa inicial dáse a man coa tarefa final; pois, para cumprir o reto e elaborar o manifesto, deberás ter en conta as preguntas suxeridas aquí para a reflexión sobre o tema, e as túas respostas, que servirán ben para as denuncias, ben para as reclamacións, ben para as propostas do manifesto. Deste xeito poderás comprobar até que punto se viu modificada (ou non) a túa opinión inicial.

TAREFAS POSIBILITADORAS
(Multidisciplinares)

Tarefa de Linguas Clásicas

Manías

A palabra **piromanía** é un termo creado por un psiquiatra francés, no século XIX. Está composta por dous elementos: piro- e –manía. A raíz piro- é de orixe grega (pyr) e posúe o significado de “lume, ardor, paixón”, e tamén está vencellada cunha raíz indoeuropea (pewor-) cuxo significado é “brillar, arder coma unha brasa”. Esta raíz indoeuropea é a orixe da palabra inglesa “fire”. O outro elemento, -manía, tamén provén do grego, relacionado coa raíz men- (pensar), e posúe o significado de “furia, demencia, loucura”.

A palabra **pirómano** é unha derivada da anterior, incorporando o sufixo –o (axente de xénero masculino).

A palabra **incendio** é un termo de orixe latina (incendium), que procede do verbo incendiar (incendere), formado polo prefixo in- e a raíz –candere, co valor de “arder” e que á súa vez provén dunha raíz indoeuropea (kand) co significado de “brillar”.

A palabra **incendiario** é unha derivada da anterior, incorporando o sufixo –ario (axente de xénero masculino).

Nesta tarefa deberás realizar distintas actividades arredor do léxico relativo ao lume, para poder elaborar **DEFINICIÓNS** adecuadas dos termos que se che propoñen (senalados en negriña máis arriba) e que, na tarefa final, terás que incorporar na redacción do **manifiesto**.

Actividades

- A partir das explicacións anteriores, obtidas do [DECCEL](#) (Dicionario Etimolóxico de Castelán En Liña), como relacionarías a palabra *piropo* con *piromanía*?
- Palabras como *melómana*, *megalómana*, *cleptómano* ou *monógamo* comparten o elemento –mano con *pirómana/o*. Tendo en conta que unha familia léxica reúne palabras que comparten a mesma raíz, mentres que o campo semántico reúne termos que comparten parte do seu significado, argumenta a cal dos dous grupos adscribirías as palabras anteriores?
- Por que a palabra *antipirético*, usada para identificar medicamentos contra a febre, forma parte da mesma familia léxica que *pirómano*?

- A cordilleira que separa a península ibérica do resto de Europa recibe o nome de Pireneus (aragonés), Pireneos (galego) e Pirineos (español).
 - Sabendo que a raíz¹ da palabra procede da grega *pyr* (lume) e a raíz² procede do latín *neo* (novo), que significa ese topónimo? E, sobre todo, que relación teñen os Pirineos co lume? (Para dar coa resposta, podes investigar sobre “[o mito da ninfa Pyrene](#)” ou sobre a “[lenda da princesa Pirene](#)”).
 - A partir da información obtida na túa investigación, explica a variación do topónimo nesas tres linguas do estado español.
- Como puidiches comprobar ao ler os artigos aos que che levaron os hiperenlaces anteriores, úsanse como sinónimos dous termos que non o son: *lenda* e *mito*. A *lenda* é unha narración baseada nun feito e nuns personaxes reais que a fantasía popular foi transformando ao transmitilo de xeración en xeración. O *mito* é unha narración sobre feitos sobrenaturais, situada fóra do tempo histórico e protagonizada por personaxes divinas ou heroicas. Desde este punto de vista, a narración sobre Pyrene é unha lenda ou un mito?
- Que relación teñen as palabras *candea* (esp. *candela*), *candil*, *candelabro*, *incandescente* e *incenso* (esp. *incienso*) coa palabra *incendio*?
- Elabora DEFINICIÓNS adecuadas das palabras en letra grosa, seguindo estas indicacións:
 - ✓ Inicia a definición por unha palabra da mesma clase, que posúa as mesmas categorías gramaticais.
 - ✓ Se é posible, usa un hiperónimo ou termo global, no que estea incluído o significado da palabra a definir.
 - ✓ Non convertas a definición nunha enumeración de sinónimos nin te limites a dar un exemplo, pois as definicións deben explicar e describir.
 - ✓ Non inclúas na definición o termo a definir ou outro da súa mesma familia léxica.
 - ✓ Sírrete das túas palabras, constrúe as túas propias definicións respectando as propiedades textuais e con corrección gramatical e ortográfica.

Tarefa de Lingua Estranxeira - Inglés

Light my fire!



Fire is a powerful word in English: it can mean destruction and danger (wildfires) but also *passion, creativity, or energy* (as in the song [*“Light My Fire”* by The Doors](#)).

In this task you will have to prepare an oral presentation after carrying out several activities in which you will analyse the different values, i. e., the polysemic qualities of the word fire contrasting the use that music usually makes of it with the situations that we have become used to witnessing almost every summer in Galiza. The **PURPOSE** of this task is to come up with ideas related to the proposals that will be included in the Manifesto of the final task.

Activities

A) Vocabulary

In the previous task, you verified through the DECEL explanations that there is an Indo-European root (pewor-) which means “to shine” and “to burn like an ember”, and that this

Indo-European root is the origin of the English word *fire*. The word *fire* can have different meanings depending on the context where it appears.

- Match the following sentences with the correct meaning of fire:
 - a) The forest fire destroyed 140.000 hectares.
 - b) The teacher decided to fire the employee for misconduct.
 - c) The singer's eyes were full of fire during the performance.
 - d) The villagers made a big fire to keep warm.

Meanings:

- Dismiss someone from their job.
- Passion, intensity.
- A destructive or controlled burning.
- A flame or source of heat.

B) Song interpretation

In the song “Light My Fire”, the word *fire* is used as a metaphor (a figure of speech used to refer to something without explicitly naming it).

- What kind of *fire* is the singer talking about?
- How is this different from the meaning of *fire* in *wildfire*?

C) Writing task

Write a short opinion essay (120–150 words) reflecting on this statement: “While music often uses *fire* as a symbol of love and passion, in Galiza fire has recently been a symbol of destruction and fear”. Follow these instructions:

- How can the same word express such different realities?
- What lessons can we learn from these two faces of “fire”?
- Try to use at least three different meanings of “fire” in your answer.

D) Reflection and global competence

Prepare a 3-minute ORAL PRESENTATION in which you share three ideas to answer this question: How could music, art, and culture be used to raise awareness among younger generations about the social, economic, and ecological impact of forest fires in Galiza? Follow these instructions:

- Prepare your oral presentation by incorporating the relevant contents outlined in a brief script which allows you not to lose the thread of your presentation.
- Organize your talk taking into account the following structure:
 - Introduction and contextualization
 - Development of the three ideas

- Conclusion and farewell

- Present your talk by adapting it to the required formal situation, using registers well. Avoid spontaneous features typical of unplanned orality and/or an affected style, as well as predictable expressions. Communicate clearly.
- Use a rich and precise vocabulary, avoiding wildcard words and repetitions.
- Provide not only the necessary information but also relevant information and even innovative ideas.
- Avoid grammatical mistakes and take care of your pronunciation.
- Start the oral presentation by greeting the audience, introducing yourself appropriately and indicating the topic clearly and concisely. Maintain an appropriate posture throughout the presentation, addressing your colleagues. Say goodbye appropriately, giving the audience time to ask questions. Use all the time allocated to the presentation. (i.e., 5 minutes)

Tarefa de Lingua Castelá

Incendarios, pirómanos, terroristas... ¿Quiénes son los culpables de los incendios?

El incendiario, el chivo expiatorio que carga con las culpas de los incendios

Los motivos para provocar un fuego de forma deliberada van desde conflictos ganaderos a venganzas, pero los expertos advierten de que el problema es la falta de gestión forestal

Esther Sánchez

Madrid - 17 AGO 2025

[EL PAÍS](#)

Los incendiarios están en el punto de mira como uno de los principales culpables de la ola de fuegos que asola España. Desde el 1 de junio se ha detenido a 27 personas y se ha investigado a 83 como presuntas autoras de incendios forestales, según los datos facilitados este sábado por el Ministerio del Interior.

Pero el problema del fuego va más allá y no se puede solventar usando a los incendiarios como “chivos expiatorios”, advierte Víctor Resco de Dios, catedrático de Ingeniería Forestal en la Universidad de Lleida y miembro del Colegio Oficial de Ingenieros de Montes. “No se realizan labores de prevención y esto de echar la culpa a los pirómanos o en otras ocasiones a los eucaliptos, a los pinos, al cambio climático, que por supuesto agrava la situación, es una forma de los políticos de cualquier partido de excusarse para alejar la atención del problema real, que es el abandono de la superficie forestal”, concreta.

La última memoria de la Fiscalía General del Estado recoge que, de media en los últimos seis años, el 24% del total de incendios que se investigaron por su posible trascendencia penal fueron provocados de forma deliberada. Pero también que la mayor parte de estos, un 68,79%, se debieron a negligencias. La organización conservacionista WWF, que realiza un informe anual sobre incendios desde hace 20 años, eleva la cifra de los intencionados al 53%, porque incluye en este concepto la quema agrícola ilegal, indica Mónica Colmena, técnica del Programa de Bosques de


la ONG. El resto se reparten entre un 23% por negligencias, un 5% por rayos, un 2% por reproducción del fuego y un 12% por causas desconocidas.

De conflictos ganaderos a venganzas

Carlos Losada, portavoz de la Sociedad Española de Psiquiatría Clínica (SEPC), apunta que otro de los errores que se cometen es igualar a un pirómano con un incendiario. “La piromanía es un trastorno mental de poco de control de impulsos, como pueden ser la cleptomanía y la ludopatía, más conocidas”, señala. Mientras que los segundos, los incendiarios, son personas que desencadenan un incendio por

maldad o por afán de lucro. A Losada le preocupa que en las conversaciones cotidianas se meta a pirómanos e incendiarios en el mismo saco y que se estigmatice a quien padece la enfermedad. “Lo que caracteriza a un pirómano es la fascinación por el fuego, la urgencia que tiene por ver las llamas y el alivio que siente cuando lo consigue”, explica. “Es como nos ocurre a cualquiera cuando necesitamos comer porque no lo hemos hecho en mucho tiempo”, añade.


**Causas dos incendios
forestais 2015 -2022**



Fonte: Galicia Confidencial

El perfil del incendiario, que es plenamente consciente de sus actos, discurre por otros derroteros. “Son personas que cuentan con un plan que pueden preparar con mucha antelación y buscan beneficio, ya sea económico, laboral e incluso de venganza, porque, por ejemplo, se lleven mal con el vecino”, responde Amalia del Valle, portavoz del Servicio de Protección de la Naturaleza (Seprona) de la Guardia Civil. En ese caso, lo pueden preparar para que el incendio no pase de donde quieren, “pero se les puede ir de las manos, como ocurre en muchos casos, bien porque hay viento o por otra circunstancia, y se descontrola”, explica. Detrás pueden estar conflictos ganaderos y cinegéticos, el objetivo de ahuyentar animales, vandalismo, declaración de espacio protegido, resentimiento por una expropiación, descontento por repoblación...

Motivacións dos incendiarios



Fonte: Galicia Confidencial

Las negligencias, en cambio, están asociadas a actividades humanas, que generan un incendio sin que el implicado tenga la intención de hacerlo o porque ha omitido las medidas de seguridad.

La tercera pata está formada por las causas accidentales, en las que el causante no ha podido

prever que se iba a originar un fuego, y pueden provenir de líneas eléctricas, automóviles, trabajos con maquinaria, quemas agrícolas o trabajos forestales, indica el Anuario Estadístico del Ministerio del Interior.

La vital prevención

“Se realizan grandes inversiones en medios de extinción, pero no se están abordando las causas estructurales de los fuegos”, dice Resco de Dios. Hay que separar los motivos que provocan la ignición de los que hacen que el fuego se propague. En su opinión, si realmente se quiere hablar de qué hay detrás de un incendio, se deberían tener en cuenta cuatro factores: la cantidad de combustible que existe, lo seco que esté, la ignición (un rayo, una persona que lo prende...) y, en último lugar, las condiciones meteorológicas que van a favorecer que crezca.

WWF advierte del abandono de la superficie agraria que se prevé esté cerca del 10% en 2030. A esto se suma el declive de casi un 40% de la cabaña de ovino y de un 30% de la de caprino en los últimos 30 años. De forma que “la única vía para evitar que los grandes incendios sigan devorando comarcas enteras cada verano pasa por gestionar y adaptar el territorio para hacerlo menos inflamable”, apunta Colmena.

La prevención actual de tratamientos selvícolas puntuales y el mantenimiento de pistas, cortafuegos o puntos de agua es insuficiente, continúa la ONG. “La máxima debe ser crear paisajes para reducir las emergencias. En lugar de combatir las llamas, hay que combatir el abandono rural”, señala la técnica del Programa de Bosques de

WWF. Y para frenar las conductas incendiarias, Colmena añade que habría que “realizar un análisis sociológico de lo que está pasando y de qué zonas son más recurrentes en incendios”.

La Guardia Civil es la principal encargada de descubrir si la causa de la ignición fue un fenómeno natural, normalmente rayos; intencionada u originada por negligencias o por accidentes. En muchas ocasiones, es imposible llegar a una conclusión: en 2023, de los 2.944 incendios que investigaron, 1.977 (el 67%) se cerraron con “causa desconocida”.

Incendiar no sale gratis. El acto de quemar montes o masas forestales está castigado con una pena de prisión de uno a cinco años y multa de 12 a 18 meses en el Código Penal. La pena, en caso de poner en peligro la vida o la integridad física de las personas, se eleva hasta situarse en una franja que va de 10 a 20 años de cárcel.

En esta tarea tendrás que escribir un **ARTÍCULO DE OPINIÓN** a través del cual evidencies una lectura comprensiva del artículo de Esther Sánchez y un buen manejo del léxico con el que has trabajado en las tareas anteriores. Además, esta tarea te servirá para completar las **reivindicaciones** y articular las **propuestas** que tu grupo incorporará al Manifiesto solicitado como reto final.

- Escribe un **ARTÍCULO DE OPINIÓN** siguiendo estas indicaciones:
 - Investiga sobre el tema a través de los hiperenlaces de las tareas anteriores. Puedes completar la información con esta entrevista:
<https://www.agenciasinc.es/Entrevistas/El-discurso-del-terrorismo-incendiario-evade-las-causas-estructurales-de-los-incendios-forestales>
 - Organiza los argumentos. Sírrete de un borrador o esquema que recoja tu posicionamiento, los argumentos que lo sostienen y posibles contraargumentos.
 - Elabora el texto argumentativo:
 - Escribe una introducción que explique el asunto y exponga la tesis que vas a defender.

- Escribe la argumentación exponiendo los argumentos con claridad (un argumento por párrafo). Sírrete de argumentos propios, no solo opiniones, y desenvuélvelos, que no se limiten a meros enunciados. Prescinde de falacias, generalizaciones y simplificaciones, No afirmes nada que no puedas probar.
- Redacta un párrafo de conclusión para reafirmar la tesis expuesta inicialmente.
- Crea un texto respetuoso con las propiedades textuales, con corrección lingüística y precisión léxica. Utiliza el léxico con el que has trabajado en las tareas anteriores.

Puede servirte de modelo este artículo de Iria Veiga:

<https://www.nosdiario.gal/opinion/iria-veiga/erroristas-piromanos/20250821074524231609.html>

Tarefa de Lingua Galega e Literatura

Arder, queimar, incendiar

Como para a maioría dos pobos, o lume é un elemento fundamental na cultura popular galega, polo que forma parte dos rituais de cada estación. O lume novo, os fachos do Entroido, as fogueiras e cacharelas de San Xoán, o magosto, o tizón de Nadal e mesmo o ritual da queimada comparten un valor purificador.

O seu carón, o lume prendido adrede, adquire ás veces connotacións transgresoras e rebeldes, mesmo revolucionarias na procura de mudar o sistema ou a organización social.

*[Ramón Cabanillas](#), poeta das [Irmandades da Fala](#), vinculado ás demandas do [Agrarismo](#) (loita anticaciquil, reclamación de abolición dos foros e demanda da terra para quen a traballa) publica en 1915 *Vento mareiro*, poemario no que atopamos o texto **Lume no pazo**.*

Prendeume no pazo.

A roxa labarada
alumea a campía.

Atronan as campanas
o val.

 Quentan o aire
espesas bafaradas
de fume.

 Corre a xente
Berrando, atolondrada.

Ó arde-lo cume, as tellas
enroxecen e estalan.

Caien, cruxindo, as vigas,
e o lume ás catro bandas
envolve a torre.

 Muxen
de medo os bois nas coadras.

A xente rube ó adro

pra ver onde é a disgracia
e ó mirar cara ó pazo
detense amontoada.

Érguense as mans ó ceo,
e sanguiñenta, tráxica,
refréxase nos ollos
a roxa labarada.

E un velliño, moi vello,
de guedelliñas brancas,
que vive de milagre,
xantando cando xanta,
vestido de farrapos
e durmindo onde cadra,
—todo por mor dun preito
de rendas atrasadas,
no que os donos do pazo
deixárono sin nada—,
ollando cara ó lume,
rise, barulla e fala
;de ir busca-lo gaiteiro
para que toque a gaita!

Outras veces, o lume é destrutor, devastador, como ocorre cos incendios que asolan o país ano si e ano tamén e que provocan dor nos habitantes desa terra queimada.

A finais de de xullo de 1979, Elis Regina subiu ao escenario do XIII Festival de Jazz de Montreux para unha presentación sorpresa ao lado de Hermeto Pascoal, que tocaba o piano. Interpretaron a súa versión de Asa Branca, composta por Luis Gonzaga e Zé Ramalho. O resultado deixou en êxtase o público e converteuse nun dos momentos mais memorables da música brasileira. Nesta canción, como na Galiza, os incendios tamén semellan unha maldición divina que só a chuvia pode deter. Pero realmente a terra en “Asa Branca” arde porque se queima ou arde porque está quente?

ASA BRANCA

Quando olhei a terra ardendo
Qual fogueira de São João
Eu perguntei a Deus do céu, ai
Por que tamanha judiação

Que braseiro, que fomalha
Nem um pé de plantação
Por falta d'água perdi meu gado
Morreu de sede, meu alazão

Até mesmo a Asa Branca
Bateu asas do sertão
Então eu disse: Adeus, Rosinha
Guarda contigo meu coração

Hoje longe, muitas léguas
Numa triste solidão
Espero a chuva cair de novo
Pra eu voltar pro meu sertão

Quando o verde dos teus olhos
Se espalhar na plantação
Eu te asseguro: não chores, não, viu?
Que eu voltarei, viu?
Meu coração.

(Para escoitar a versión de Elis Regina: [Arquivo de Elis Regina en Youtube](#))

Nesta tarefa deberás elaborar un **COMENTARIO** poético que che sirva para comparar e contrastar as distintas formas en que o noso país se vinculou tradicionalmente ao lume. Na tarefa final, para a introdución e **contextualización** do Manifesto, deberás incorporar os distintos valores de “arder”, “queimar” e “incendiar” así como os distintos usos do lume na cultura popular galega.

- Analiza o poema de Ramón Cabanillas e a canción brasileira que o acompaña. Estes son textos que evidencian a polisemia da palabra “arder” e o uso do lume (fogueira) de dúas formas diferentes, pero ambas con semellante resultado destrutor. Moi pouco teñen a ver coa canción do grupo inglés The Doors, sobre o que traballaches nas tarefas previas. Por outra parte, poñen de manifesto a diferenza entre “arder”, “queimar” e “incendiar”.

Para elaborar o COMENTARIO deberás seguir estes pasos:

1. Le detidamente o poema e repara no autor do mesmo, así como na data de publicación da obra á que pertence. A análise deberá comezar por unha explicación razoada arredor da época á que pertence o autor do texto e dos seus vínculos con creadoras e creadores da súa xeración ou doutras correntes literarias. Para realizar esta contextualización literaria é necesario investigar nas fontes achegadas a través das hiperligazóns que contén o texto.
2. Sinala os elementos que deben ser comentados ou analizados. Subliña nos versos as ideas principais ou as palabras-clave. A análise deberá ter en conta estes aspectos: o xénero discursivo e o subxénero; a forma [estrofas, métrica, rima... musicalidade, carácter popular ou culto]; o contido [asunto, tema e subtemas; voz poética e posible/s destinatario/s] e os recursos estilísticos [fónicos, morfosintácticos, léxicos...].
3. Compara o poema de Cabanillas coa canción de Elis Regina. Explica que teñen en común e en que se diferencian.
4. Escribe un texto no que recollas o teu comentario e no que evidencies o diferente significado deses termos que dan título á tarefa e ao poema de Cabanillas. O resultado deberá ser un texto correcto gramatical e ortograficamente, respectuoso coas propiedades textuais [adecuación, coherencia e cohesión] e cun léxico preciso, no que tamén se valorará a orixinalidade e a creatividade.

Tarefa de Filosofía

A fractura metabólica

Karl Marx non só reflexionou sobre o traballo e a sociedade, senón tamén sobre a relación entre humanidade e natureza. Nos seus Manuscritos económicos e filosóficos (1844) atopamos unha idea central:

«A natureza é o corpo inorgánico do home [...] O home vive da natureza; [...] isto quere dicir que a natureza é o seu corpo, co que debe permanecer nun proceso continuo, se non quere perecer.»

Aquí Marx afirma que a natureza non é algo alleo ao ser humano, senón unha extensión vital del mesmo. Se a destrúe, destrúe tamén a súa propia condición de vida.

Nos seus escritos posteriores, especialmente en *O Capital*, analizou como o sistema económico capitalista rompe ese equilibrio natural. O que chamou «metabolismo social» —o intercambio entre persoas e natureza— vese profundamente alterado polo afán de beneficio:

«Todo progreso da agricultura capitalista non é só un progreso na arte de esquilmar ao obreiro, senón tamén na arte de esquilmar o chan; todo avance no incremento da fertilidade nun período dado é un avance no esgotamento das fontes duradeiras desa fertilidade.»

«A produción capitalista, por conseguinte, non desenvolve a técnica e a combinación do proceso social de produción senón socavando, ao mesmo tempo, as dúas fontes de toda riqueza: a terra e o traballador.»

É dicir, cada mellora aparente —maior rendemento, máis produción— trae consigo un custo oculto: a degradación do solo e o esgotamento das persoas.

Marx tamén advertiu sobre a destrución ambiental, como a deforestación, que consideraba unha consecuencia inevitábel da lóxica capitalista:

«O desenvolvemento da cultura e da industria en xeral evidenciouse nunha enérxica destrución do chan tal que todo o que se fai no sentido oposto, para a súa preservación e restauración, aparece como infinitesimal.»

En resumo, Marx vía o capitalismo como un sistema que converte a natureza en mercadoría, sen importar as consecuencias a longo prazo. Este proceso crea o que chamou unha fractura metabólica: a ruptura entre a sociedade humana e os ciclos naturais que permiten a vida. A terra, o traballo e os bosques pasan a ser simples recursos explotables.

Esta reflexión resulta de enorme actualidade cando pensamos en problemas ambientais como a deforestación masiva, os incendios forestais que asolaron Galiza no verán de 2025 ou o cambio climático. Marx axúdanos a comprender que non son só fenómenos naturais, senón tamén sociais e económicos: expresións dun modelo de produción que privilexia o beneficio inmediato fronte á sustentabilidade do planeta.

Nesta tarefa deberás realizar varias actividades coa fin de evidenciar o teu grao de comprensión da visión de Marx sobre o capitalismo e a natureza que atoparás no texto que se achega a continuación; para expresar a túa opinión argumentada escribindo un **ARTIGO DE OPINIÓN** que leve por título *É compatíbel o modelo de produción capitalista cunha xestión sustentábel da natureza?* Os argumentos utilizados neste artigo converteranse en argumentos para as **denuncias** e **propostas** do Manifesto que deberás elaborar na tarefa final en cumprimento do reto desta situación de aprendizaxe.

Actividades

1. Comprensión

- Para evidenciar a comprensión do texto, elabora un resumo do mesmo (6-8 liñas).
- Para afondar na comprensión, explica a expresión “fractura metabólica”.

2. Análise

- Identifica no texto e explica dúas consecuencias negativas da agricultura capitalista segundo Marx.
- Explica, a partir do texto, a relación entre os incendios forestais en Galiza e a análise marxista sobre a explotación da natureza.

3. Interpretación

- Marx di que a produción capitalista “socava ao mesmo tempo as dúas fontes de toda riqueza: a terra e o traballador”. Interpreta esta frase coas túas palabras e comenta se segue a ser vixente hoxe.
- O texto mostra unha visión crítica do progreso tecnolóxico. Podes indicar un exemplo actual onde o avance técnico traia consigo consecuencias ambientais negativas?

4. Argumentación

- Pensas que a solución aos problemas ambientais pode vir unicamente de cambios técnicos (máis medios de prevención, novas tecnoloxías “verdes”) ou require tamén cambios sociais e económicos?

5. Creación

Redacta un artigo de opinión (200 palabras) no que expoñas se cres que o modelo de produción capitalista é compatíbel cunha xestión sustentábel da natureza. Debes estruturar ben o texto en introdución, desenvolvemento e conclusión.

Indicacións para o ARTIGO DE OPINIÓN:

- Inicia a túa creación a partir do dilema recollido no título: *É compatíbel o modelo de produción capitalista cunha xestión sustentábel da natureza?*
- Introduce o teu artigo contextualizando o asunto (o dilema) e posicionándote ante o mesmo.
- Desenvolve polo menos dous argumentos ou un argumento e un contraargumento, que sosteñan a túa opinión.
- Conclúe ratificando ou rectificando a túa postura.
- Escribe respectando as propiedades textuais, con corrección gramatical e ortográfica e servíndote dun léxico rico e preciso, que incorpore os termos definidos e glosados nesta tarefa e nas tarefas que realizaches previamente nas áreas lingüísticas.

Lembra que estes argumentos sosteñan as denuncias e as propostas do manifesto que elaborarás na tarefa final e que constitúe o reto desta situación de aprendizaxe.

Tarefa de Matemáticas

Modelización da propagación dun lume

No Teixedal de Casaio, en Trevinca, coñecido como o teito de Galiza, o foco de lume prendeu no baixo do val arrodeado de montañas en todas direccións, polo que se expandeu de forma aproximadamente circular nas primeiras horas subindo polos montes. A medio prazo, a área total queimada $A(t)$ (en hectáreas) seguiu unha dinámica de crecemento freado (tipo loxística) pola limitación de “combustible” dispoñíbel e pola actuación dos equipos de extinción.

Nesta tarefa deberás realizar varias actividades coa fin de descubrir as taxas de variación nas primeiras horas do incendio, o ritmo de queima e a evolución temporal; para poder tomar unha decisión tras a análise final desta tarefa. A túa decisión xirará arredor desta escolla: frear a expansión do incendio ou segmentar o combustíbel. Esa decisión servirá de **ARGUMENTO** para soste algunha das **denuncias** do que se fixo mal para o Manifesto co que responderás ao reto desta situación de aprendizaxe na tarefa final. (O tempo t mídese en días a partir dun instante inicial $t_0=0$)

Actividades

- **Taxas relacionadas (primeiras horas)**

Se supoñemos que a fronte do lume é circular de radio $r(t)$ (en km), entón a área da superficie queimada en cada instante vén dada por $S(t)=\pi r(t)^2$ (en km^2).

- Demostra que a taxa de variación da superficie queimada con respecto ao tempo $\frac{dS}{dt}$ é igual $2\pi r(t)$ veces a taxa de variación do radio con respecto ao tempo $\frac{dr}{dt}$.
- Se nun momento dado $r=6$ km e a velocidade radial é $\frac{dr}{dt}=0,8$ km/h, calcula a taxa de variación da superficie queimada con respecto ao tempo en km^2/h e convértea a ha/h ($1 \text{ km}^2=100 \text{ ha}$).
- Posto que o vento é variábel, a súa forza fai incrementar un 33 % esa velocidade radial, cal é agora a taxa de variación da superficie queimada con respecto ao tempo?

- **Ritmo de queima instantáneo**

Nas primeiras xornadas, un modelo simple supón que a taxa instantánea de queima é proporcional á área xa queimada e ó combustíbel aínda dispoñible, explicado a través da ecuación loxística:

$$\frac{dA}{dt} = m A \left(1 - \frac{A}{K} \right),$$

onde $m > 0$ é unha constante (día^{-1}) e K é a capacidade máxima efectiva que podería chegar a queimarse (en ha).

Considera $m = 0,08 \text{ día}^{-1}$, $K = 150\,000$ ha e condición inicial $A(0) = 5\,000$ ha.

- Interpreta fisicamente os parámetros m e K .
- Calcula $\frac{dA}{dt}$ cando $A = 50\,000$ ha. Que unidades ten ese resultado?
- Determina a área no punto de inflexión da curva $A(t)$ e explica por que ese punto é relevante para a xestión do incendio.

- **Evolución temporal e “10 % da provincia de Ourense”**

Co mesmo modelo da Parte B:

- Sabendo que a solución xeral da ecuación loxística é

$$A(t) = \frac{K}{1 + C e^{-m t}},$$

para certa constante C que depende de $A(0)$, calcula o valor de C segundo a condición inicial dada na parte anterior desta tarefa.

- Calcula en canto tempo t (en días) se chega a 72 730 ha (aproximadamente o 10% da provincia de Ourense). Coa túa resposta, indica se isto ocorre antes ou despois do punto de inflexión.

- **Análise e decisión**

- Se téis que priorizar medios xusto arredor do punto de inflexión, que indicaríades que é máis urgente: frear a velocidade de expansión (reducir m) ou segmentar o combustíbel dispoñible (reducir o K efectivo creando descontinuidades de combustíbel con corta lumes)? Xustifica en 4–5 liñas empregando a forma de $\frac{dA}{dt}$.

Tarefa de Química

Rexeneración dun solo queimado con emendas calcáreas

Despois dos grandes lumes deste verán no país, certos solos poden quedar ácidos (ou perder capacidade tampón a medio prazo). Para mellorar a fertilidade, aplícanse emendas calcarias que neutralizan H^+ e diminúen a dispoñibilidade tóxica de Al^{3+} .

Aínda que somos famosos polo minifundismo e incluso polo nanofundismo, posto que xa houbo concentración parcelaria, podemos considerar un terreo de 5 ha en Ourense, cunha capa arable de 0,20 m, densidade aparente $1,30 \text{ t/m}^3$. A acidez intercambiable medida é $2,5 \text{ cmol}(+)\cdot\text{kg}^{-1}$ e o obxectivo é baixala a $0,5 \text{ cmol}(+)\cdot\text{kg}^{-1}$ (reducir $2,0 \text{ cmol}(+)\cdot\text{kg}^{-1}$). A emenda principal proposta é calcita (CaCO_3) moída.

Nesta tarefa deberás realizar actividades como calcular a necesidade de caliza e debater por que usar caliza e non xeso, para poder argumentar sobre a importancia de investir recursos na prevención e mitigación da virulencia dos incendios forestais.

Datos útiles

- $1 \text{ ha} = 10\,000 \text{ m}^2$
- $1 \text{ km}^2 = 100 \text{ ha}$
- 1 m^3 de solo con $\rho = 1,30 \text{ t/m}^3 \Rightarrow 1,30 \text{ t}$
- Masa molar: $\text{CaCO}_3 = 100,09 \text{ g}\cdot\text{mol}^{-1}$; $\text{Ca(OH)}_2 = 74,09 \text{ g}\cdot\text{mol}^{-1}$; $\text{CaO} = 56,08 \text{ g}\cdot\text{mol}^{-1}$
- Estequiometría (neutralización):
- $\text{CaCO}_3 + 2 \text{ H}^+ \rightarrow \text{Ca}^{2+} + \text{CO}_2\uparrow + \text{H}_2\text{O}$
- $\text{Ca(OH)}_2 + 2 \text{ H}^+ \rightarrow \text{Ca}^{2+} + 2 \text{ H}_2\text{O}$
- 1 mol CaCO_3 neutraliza 2 mol H^+ (equivalente en neutralización “100 %”).
- “ $\text{cmol}(+)\cdot\text{kg}^{-1}$ ” = 10^{-2} mol de carga positiva por kg de solo.
- A fábrica ofrece unha caliza comercial con:
- Pureza (fracción CaCO_3) = 85 %
- Humidade = 5 %
- ECCE (Effective Calcium Carbonate Equivalent, finura/reactividade) = 80 %

Actividades

A) **Análise.** Cálculo de necesidades de caliza (estequiometría e masas)

- Calcula a masa de solo na capa 0–20 cm das 5 ha.
- Canto H^+ (en mol) cómpre neutralizar por kg de solo para pasar de 2,5 a 0,5 $cmol(+) \cdot kg^{-1}$?
- Deduce a masa de $CaCO_3$ puro (t) necesaria para todo o terreo.
- Co produto comercial (85 % pureza, 5 % H_2O , ECCE 80 %), calcula a dose total (t) e a dose por ha ($t \cdot ha^{-1}$).

B) **Análise e reflexión** Alternativa: hidróxido de calcio

O proveedor tamén ofrece $Ca(OH)_2$ (cal apagada) cunha pureza do 90 % e humidade do 2 %. O seu poder de neutralización respecto de $CaCO_3$ considérase 135 % (valor relativo NV = 1,35).

- Estima a dose total (t) de $Ca(OH)_2$ necesaria para lograr a mesma neutralización efectiva ca no apartado A.
- Indica dúas vantaxes e dúas precaucións de usar $Ca(OH)_2$ fronte a $CaCO_3$ nun solo queimado.

C) **Reflexión.** Química do proceso (conceptual)

- Escribe as ecuacións que xustifican:
 - (i) a neutralización de H^+ por $CaCO_3$,
 - (ii) a diminución de Al^{3+} dispoñíbel por precipitación/hidrólise cando sobe o pH.
- Explica por que a finura (tamaño de partícula) e o CO_2 do solo/atmosfera poden acelerar a acción do $CaCO_3$.
- Debate brevemente por que o xeso ($CaSO_4 \cdot 2H_2O$) non substitúe á caliza para elevar pH, e en que situación podería ser útil tras un incendio.

C) **Argumentación.**

Tendo en conta que estes traballos de rexeneración da composición química do solo tan só son necesarios despois de lumes especialmente intensos (que acadan temperaturas capaces de calcinar o chan) argumenta a importancia de investir recursos na prevención e mitigación da virulencia dos incendios forestais.

Tarefa de Física

As enerxías implicadas nun incendio forestal

Cando arde un bosque, libéranse enormes cantidades de enerxía química acumulada na biomasa, que se transforma en calor e radiación, elevando a temperatura do aire circundante e xerando correntes de convección que favorecen a propagación das lapas.

Un hectárea de piñeiral ($\approx 10\,000\text{ m}^2$) pode conter arredor de 30 toneladas de materia vexetal seca (biomasa). O poder calorífico medio da madeira seca é de 18 MJ/kg. De considerarmos outras especies, temos os seguintes poderes caloríficos:

- *Piñeiro (Pinus pinaster): biomasa $\approx 30\text{ t/ha}$, poder calorífico $\approx 18\text{ MJ/kg}$.*
- *Eucalipto (Eucalyptus globulus): biomasa $\approx 35\text{ t/ha}$, poder calorífico $\approx 19\text{ MJ/kg}$.*
- *Carballo (Quercus robur): biomasa $\approx 25\text{ t/ha}$, poder calorífico $\approx 17\text{ MJ/kg}$.*

(Os valores son aproximados, poden variar segundo idade, humidade e densidade da masa forestal).

Nesta tarefa terás que calcular a enerxía liberada e comparala coas enerxías cotiás para reflexionar sobre as consecuencias físicas que provoca, para, finalmente, argumentar como determinadas especies arbóreas poden influír na propagación e intensidade dos lumes e, por tanto, nas políticas forestais de prevención en Galiza.

Actividades

A) Análise

➤ Enerxía liberada

Calcula a enerxía total liberada pola combustión completa da biomasa seca dunha hectárea de piñeiral. Exprésaa en joules e en gigajoules (GJ).

➤ Comparación con enerxías cotiás

Un litro de gasolina ten unha enerxía duns 34 MJ. Estima a cantidade de litros de gasolina que equivalen á enerxía liberada por esa hectárea.

➤ Potencia e propagación

Se a combustión desa hectárea ocorre en 3 horas, calcula a potencia media liberada (en watts e en megawatts).

B) Reflexión

➤ Explica fisicamente por que esta gran liberación de enerxía provoca:

- ✓ A xeración de correntes convectivas moi intensas.
- ✓ A dificultade de extinción só con medios terrestres.
- ✓ A posibilidade de que se produzan fenómenos como pirocúmulos (nubes xeradas polo propio incendio).

C) Explicación-Argumentación

➤ Comparación entre especies

- ✓ Calcula a enerxía total liberada por hectárea no caso de:
 - Piñeiro
 - Eucalipto
 - Carballo
- ✓ Ordena as tres especies segundo a cantidade de enerxía liberada por hectárea, de maior a menor.
- ✓ Explica como estas diferenzas poden influír na propagación e intensidade dos lumes e, por tanto, nas políticas forestais de prevención en Galiza.

Tarefa de Bioloxía

Impacto dos lumes forestais no ecosistema e na saúde

No verán de 2025, Galiza sufriu unha vaga de incendios de enorme intensidade, sobre todo en Ourense. Durante a combustión da biomasa liberáronse á atmosfera múltiples compostos tóxicos, como CO₂, CO, partículas en suspensión (PM_{2.5}), óxidos de nitróxeno (NO_x), óxidos de xofre (SO₂), hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAPs) e metais pesados. Estes teñen efectos inmediatos e diferidos tanto nos ecosistemas coma na saúde das persoas.

Nesta tarefa deberás analizar o impacto deses compoñentes no ecosistema e na saúde humana, para poder relacionar, na túa exposición final, as consecuencias dos incendios e a súa relación coa política forestal, que debería reducir a incidencia dos incendios en Galiza.

Actividades

A) Impacto no ecosistema

- Investiga cales son os grupos de organismos do ecosistema máis afectados, coa fin de analizar as consecuencias da perda de biodiversidade.
- Explica dúas consecuencias a medio prazo sobre a fertilidade e capacidade de rexeneración dos solos queimados.
- Indica unha consecuencia a longo prazo relacionada co cambio climático global e achega algunha medida específica para minimizalo.

B) Impacto na saúde humana

- Analiza os efectos inmediatos da exposición ás partículas e gases tóxicos: que sistemas e órganos do corpo humano se verán máis afectados?
- Explica como a acumulación destes contaminantes pode influír na aparición de doenzas crónicas (asma, enfermidades cardiovasculares, cancro) a medio e longo prazo.
- Propón dúas medidas preventivas que as autoridades deberían recomendar á poboación durante os episodios de lume.

C) Reflexión e exposición

Elabora un texto expositivo no que recollas os problemas ambientais globais e locais relacionados coa liberación das partículas sinaladas ao inicio da tarefa e explica que políticas de xestión forestal poderían reducir a incidencia dos lumes en Galiza.

Para a redacción do texto deberás seguir estas indicacións:

- Inicia o texto cunha introdución que permita situar o asunto no contexto dos lumes deste verán.
- Desenvolve a túa explicación distribuíndoa en dous parágrafos:
 - Un arredor dos problemas ambientais globais e locais
 - Outro arredor das políticas forestais
- Finaliza o teu texto cunha conclusión na que recollas a maneira de resumo o contido básico da túa exposición.
- Elabora o teu texto respectando as propiedades textuais, con corrección gramatical e ortográfica e servíndote dun léxico preciso.

Tarefa de Empresa e modelos de negocio

Deseucaliptización: si ou non?

No verán de 2025, os lumes forestais devastaron máis de 100.000 hectáreas en Galiza, sobre todo na provincia de Ourense. As consecuencias non son só ambientais, senón tamén económicas e sociais:

- *Perdas millonarias no sector gandeiro.*
- *Perdas millonarias no sector agrícola.*
- *Prexuízos graves para o turismo rural e gastronómico.*
- *Perdas no sector forestal (madeira, resina, biomasa).*
- *Impacto en empresas locais de servizos.*
- *Custos públicos enormes en extinción e restauración.*
- *Custos sobre a saúde humana moi difíciles de cuantificar pois os danos serán a medio e longo prazo.*

Cómpre entón abordar un debate sobre o modelo produtivo: monocultivos de piñeiro e eucalipto fronte a alternativas sustentábeis.

Nesta tarefa deberás, co teu grupo, preparar un **DEBATE** arredor dos modelos de negocio e a responsabilidade das empresas forestais e madeireiras nos incendios. Na tarefa final recollerás os argumentos presentados aquí para incorporalos ao manifesto en forma de **propostas** de futuro.

- No teu pequeno grupo, preparade un DEBATE arredor dos modelos de negocio e a responsabilidade das empresas forestais e madeireiras nos incendios.

Indicacións para o DEBATE:

O debate é un diálogo formal, de carácter argumentativo. Nel dúas ou máis persoas expoñen a súa opinión arredor dun tema. Para a súa realización é necesaria unha persoa moderadora e pode, ou non, haber unha persoa que sexa voceira, elixida polo seu grupo.

Funcións da persoa moderadora:

- Presenta o tema a debate.
- Sinala as quendas de intervención.
- Procura que o debate sexa respectuoso.

Funcións da persoa voceira:

- Expón inicialmente a tese que defende o seu grupo.
- Resume a postura final, que pode coincidir coa inicial ou ter sufrido variacións, se os argumentos contrarios conseguiron modificar a tese inicialmente defendida.

Funcións das persoas debatentes:

- Argumenta a favor ou en contra do tema sobre o que se vai debater.
- Respecta as quendas de intervención.
- Refuta as argumentacións da voceira do grupo contrario.
- Utiliza expresións como: Na miña opinión..., Dende o meu punto de vista... / Estou parcialmente de acordo contigo, pero... / Lamento non coincidir coa túa opinión...

PASOS

1. Buscade a información. Deberedes ter en conta estas cuestións para preparar os argumentos que sosteñan a vosa postura:
 - ✓ Existen sectores económicos galegos que se viran directamente afectados polos lumes forestais?
 - ✓ Que consecuencias poden ter para o PIB galego e para o emprego no medio rural os incendios deste verán 2025?
 - ✓ O actual modelo forestal baseado en monocultivos pode incrementar o risco de incendios e afectar á rendibilidade a medio e longo prazo?
 - ✓ Existen alternativas de negocio sustentábel (gandeiro, agrícola, servizos, forestal)?
 - ✓ Teñen as empresas forestais e madeireiras algunha Responsabilidade Social Corporativa (RSC) no contexto dos incendios?
 - ✓ Existen intereses económicos ocultos (por exemplo licenzas para explotacións mineiras ou presión sobre comunidades locais) detrás dos incendios?
 - ✓ Poden eses intereses condicionar as políticas públicas e o control da información nos medios de comunicación?
 - ✓ Que medidas de prevención deberían adoptarse desde as institucións e desde as empresas para reducir os lumes e construír un modelo económico máis sustentábel e xusto para o rural galego?

2. Anotade as fontes de información. Durante o debate citade esas fontes para argumnetar as vosas opinións.
3. Seleccionade a información. Facede un esquema segundo a importancia do tema e das ideas arredor do mesmo.
4. Escollede a tese que ides defender.
5. Enumerade argumentos a favor.
6. Enumerade argumentos en contra.
7. Anotade argumentos de diverso tipo (de autoridade, de competencia, de analoxía, de datos, de lei...)
8. Coidade a expresión. Procurade a corrección gramatical e a precisión léxica. Respectade as propiedades textuais. Usade verbos declarativos (crer, pensar, opinar...) seguidos de CD; ou ben verbos non declarativos que rexen SUPL (teño a certeza de, estou convencida de, insisto en...). Botade man de construcións sintácticas bipolares (causais, consecutivas, concesivas, condicionais), adversativas e tamén de coordinadas disxuntivas.

TAREFA FINAL

(LGL)

Tendo en conta o que defendestes no FALADOIRO da tarefa inicial e unha vez realizadas todas as tarefas multidisciplinares posibilitadoras da tarefa final, chegou o momento de recoller o resultado do traballo feito e crear o MANIFESTO ao que daredes lectura no acto organizado baixo o lema ***Lumes, nunca máis!***, dando cumprimento así o RETO que se vos presentou nesta situación de aprendizaxe.

A elaboración do manifesto e a organización do acto reivindicativo é unha tarefa para realizar en pequeno grupo (en grupos de 4-6 alumnas/os). Cada grupo escollerá unha persoa voceira, que se encargará, xunto coas voceiras dos outros grupos, de solicitar, organizar, divulgar e manter o evento. Tamén se escollerá no seo de cada grupo a persoa que se encargue de redactar a parte que corresponda do manifesto final e da súa lectura durante o acto. En consecuencia, os pasos a seguir refírense aos pequenos grupos de traballo.

Indicacións para elaborar o MANIFESTO:

Un manifesto é unha declaración pública de principios. É un tipo de texto no que unha persoa, colectivo ou organización expón os seus principios, as súas intencións, as súas demandas ou as súas denuncias. Hai manifestos correspondentes a todos os ámbitos (artístico, literario, filosófico, político, sindical, persoal, institucional), pero todos responden á pregunta: EN QUE CREO / CREMOS? Por iso no manifesto expónse unha ideoloxía que ataca ou critica outra distinta. Son mensaxes revolucionarias.

➤ ESTRUCTURA

Introdución:

1. **Contexto** (*Ante o día sinalado... Ante estes feitos...*)
2. **Autor/es** (*os autores/as deste manifesto...*)
3. **Destinatarios** (*dirixímonos a vós...*)
4. **Enunciado da tese** (*para defender...*)

Desenvolvemento:

1. **Polémica con outras ideoloxías** (ANTÍTESE: **denuncias**. Enumeramos as ideas coas que non estamos de acordo, denunciando os feitos que queremos mudar).

2. Exposición dos propios principios: (TESE: **reivindicacións** e **propostas**. Presentamos as nosas ideas e reivindicamos cambios con propostas de futuro).

Conclusión:

1. Recollida final das ideas principais. (Acabamos reafirmándonos en...)
2. Invitación a unirse ao manifesto. (Invitamos a que apoiedes...)

Lema (*Lumes, nunca máis!...*)

➤ PASOS

1. Reflexionade sobre o tema ou asunto no que se basean as vosas ideas para poder sostelas con argumentos.

2. Revisade toda a información consultada, recollida e creada ao longo das tarefas previas., pois deberedes incorporala segundo o apartado do Manifesto que vos corresponda: contexto, denuncias, reivindicacións ou propostas.

- ✓ Da tarefa das Áreas Lingüísticas e Filosofía: o léxico
- ✓ Da tarefa de inglés: as ideas para as propostas
- ✓ Da tarefa de español: os argumentos para as reivindicacións e para as propostas
- ✓ Da tarefa de galego: os usos do lume para a introdución e contextualización
- ✓ Da tarefa de filosofía: os argumentos para as denuncias e para as propostas.
- ✓ Das tarefas das Áreas do Ámbito Científico e Económico: os argumentos para denunciar o que se fixo mal e o que habería que facer de cara ao futuro (propostas).

3. Busca outros manifestos semellantes que che sirvan de modelo. Podes botarlle un ollo aos das asociacións ecoloxistas galegas: [ADEGA](#) e [VERDEGAIA](#).

4. Selecciona a información. Fai un esquema temático numérico. Escolle as ideas e ordénaas seguindo o modelo da estrutura.

5. Escolle o enunciado da tese. Elixe o elemento unificador de todo o manifesto: a TESE, o elemento central que servirá de fío condutor para todo o texto e repetirás nas distintas partes do mesmo.
6. Expón as denuncias, as queixas sobre a situación que che leva a participar neste acto reivindicativo.
7. Enumera as túas reivindicacións. Escolle as ideas principais da túa ideoloxía que sosteñan a túa tese e confróntaas con aquelas que queres combater.
8. Presenta as propostas de actuación. Describe con que accións levarás a cabo as túas ideas.
9. Escolle un lema (pode coincidir co título).
10. Coida a expresión. Procura a corrección ortográfica e gramatical. Respecta as propiedades textuais. Usa verbos de acción en voz activa. Sírverte dun léxico preciso e evita os termos xenéricos.

Finalmente, para dar resposta ao RETO deberedes dar lectura ao manifesto durante un acto reivindicativo, nalgún dos recreos, coa fin de que se converta nun evento para toda a comunidade educativa. Para isto deberedes:

- Solicitar permiso á dirección do centro para celebrar o acto e convidar as familias.
- Acordar coa xefatura de estudos o día máis acaído e o momento en que se informará ao resto da comunidade educativa.
- Preparar coa docente de Plástica o material para divulgar a información entre a comunidade educativa.
- Preparar coa docente de Música as pezas que se reproducirán durante o evento.
- Ensaiai coa persoa titora a lectura do manifesto en grupo.
- Escoller as compañeiras e/ou compañeiros que se encargarán da gravación audiovisual do acto.

TAREFAS DE REFORZO
E/OU
ENRIQUECEMENTO CURRICULAR

TAREFA

Probabilidades condicionadas sobre incendios forestais

Durante os primeiros 18 días de agosto de 2025, a Xunta de Galicia rexistrou 492 incendios forestais, dos cales 447 non foron comunicados oficialmente. O medio dixital [Prazga.gal](https://praza.gal), na información asinada por David Reirero, Marcos Pérez Peña e David Lombao, achega estes datos:

- 165 incendios comezaron de noite (entre as 22:00 e as 7:00).
- O 15 de agosto, festivo en Galicia, houbo 35 incendios, dos cales 7 foron nocturnos.
- Ese día, a Xunta só comunicou 4 incendios.

Fonte: Prazga.gal <https://praza.gal/politica/os-447-incendios-ocultados-pola-xunta-do-1ao-18-de-agosto-liberamos-os-datos>

Semella existir unha relación entre o feito de que un incendio sexa nocturno e a súa comunicación oficial por parte da Xunta. A túa tarefa consistirá en demostrar se existe esa relación. Para iso, previamente terás que realizar os seguintes cálculos:

1. Calcula a probabilidade de que un incendio rexistrado entre o 1 e o 18 de agosto fose nocturno.
2. Calcula a probabilidade de que un incendio nocturno fose comunicado pola Xunta.
3. Calcula a probabilidade de que o incendio que ocorreu o 15 de agosto fose nocturno.
4. Calcula a probabilidade de que o incendio que ocorreu o 15 de agosto fose comunicado pola Xunta.

Cos datos obtidos e a información de Prazga.gal aludida anteriormente, seguindo os pasos que se indican a continuación, elabora un breve informe no que argumentes a existencia ou non de relación entre os incendios nocturnos e a súa non comunicación oficial por parte da Xunta.

PASOS:

- Inicia o informe introducindo o dilema ou asunto, así como a postura que vas manter ante o mesmo.
- Continúa coa argumentación, na que achegarás os datos obxectivos obtidos nos teus cálculos e as afirmacións demostrables recollidas de Prza.gal, para defender unha postura a favor ou en contra nun dilema. Podes servirte de diversos tipos de argumento; neste caso os datos, as analoxías e a competencia dos xornalistas que elaboraron a información, serán os máis acaídos.
- Finaliza o informe cunha conclusión na que reforces a postura argumentativa escollida.
- Utiliza unha expresión gramatical e ortográfica correcta, respectuosa coas propiedades textuais e precisa no léxico.
 - Para expresar a subxectividade, sítvete, sobre todo, de oracións causais, consecutivas, adversativas... con verbos en 1ª persoa e/ou estruturas subordinadas a verbos de pensamento (Eu opino que, considero que, desde o meu punto de vista defendo, na miña opinión...).
 - Para lograr a cohesión textual, usa os conectores máis habituais neste tipo de textos: adversativos (pero, non obstante, agora ben, con todo, aínda así...), consecutivos (así que, mentres que, de modo que, de maneira que...), explicativos (por iso, en consecuencia, así pois, por tanto...), aditivos (así mesmo, igualmente, de igual modo, por outra parte, pola súa banda, á súa vez, ademais, por engadido, por demais, mesmo, inclusive...) e contraargumentativos (aínda que, a pesar de que, malia que, se ben...).
 - Para lograr claridade, emprega conectores que expliquen as relacións entre as distintas ideas: orde (en primeiro lugar), exemplificación (tal como), contraste (porén), causa (porque)...
 - Para usar un léxico preciso, bota man de termos específicos e/ou tecnicismos, non comodíns (“cousa”, “facer”, “dicir”, etc.) que carecen de significado preciso.